Acta da sesión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 5 de febreiro de 2025

[PLG/MCVR]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos,** o día **5 de febreiro de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Carmen María Pomar Tojo
(Presidenta)
José Luis Ferro Iglesias
(Vicepresidente)
Paulo Ríos Santomé
(Secretario)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Deza Martínez
Rubén Lorenzo Gómez
Argimiro Marnotes Fernández
Paula Mouzo Mas
(en substitución de Roberto Rodríguez Martínez)
Ángel Rodríguez Conde
(en substitución de Cristina Campero Dorado)
Gonzalo Trenor López
Katherinie Varela Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Brais Ruanova Vilas-Boas
(en substitución de Sonia Vidal Lamas)
Montserrat Valcárcel Armesto
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Paloma Castro Rey
Carlos López Font

Comparecentes:
Directora xeral de Mobilidade
Director de Augas de Galicia
Director da Axencia Galega de Infraestruturas-AXI

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución e as substitucións pertinentes.

Logo da constatación deste a Presidencia, logo do acordo dos membros da Comisión - aos que informou previamente por correo electrónico- para posibilitar a resposta da Xunta de Galicia polo director ou directora correspondente, dá conta dunha alteración na orde de debate das preguntas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar en primeiro lugar a POC doc. núm. 16803 (4) en cuarto lugar a POC doc. núm. 15751 (1).

Punto único. Preguntas

4 16803 (12/POC-002830)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos
Sobre a eventual colaboración económica da Xunta de Galicia na execución da depuradora situada en Niño do Corvo, na Illa de Arousa, e na mellora do saneamento neste concello
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 146f1, do 28.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Castro Rey, Paloma (S)**, que pasa a expoñer os motivos da presentación desta iniciativa expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **director de Augas de Galicia (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), Roi Fernández Añon.**

En rolda de réplica a **señora Castro Rey, Paloma (S),** solicita aclaración sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia o señor director na súa resposta.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añon,** ampliando a información solicitada pola señora Castro Rey na súa intervención inmediatamente anterior.

2 15892 (12/POC-002489)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis
Sobre as previsións que ten o Goberno galego de establecer un diálogo coa Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e co Concello de Oia para mellorar o estado actual do encoro de Loureza e para garantir a legalidade da comunidade de regantes do Folón
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f3, do 10.01.2025

PARLAMENTO DE GALICIA

O **señor Ruanova Vilas-Boas, Brais (BNG)**, procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **director de Augas de Galicia (Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), Roi Fernández Añon.**

En rolda de réplica o **señor Ruanova Vilas-Boas, Brais (BNG),** expón novas consideracións sobre a información recibida, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor Fernández Añón.

O **director de Augas de Galicia, Roi Fernández Añon**, pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención e ampliando a información sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia o preguntante na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza do director de Augas de Galicia nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

3 **16750 (12/POC-002820)**
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre a nova proposta que fai o Goberno de España do mapa de concesións das rutas de autobús e as xestións que prevé realizar a Xunta de Galicia para evitar a supresión de paradas na nosa comunidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 146f1, do 28.01.2025

A presidenta concédelle a palabra ao **señor Trenor López, Gonzalo (P**), quen expón as razóns nas que se basea a cuestión concreta que figura na súa iniciativa e que aparece publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **directora xeral de Mobilidade (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Judit Fontela Baró.**

Na rolda de réplica o **señor Trenor López, Gonzalo (P**), agradece a información recibida, que comenta brevemente con novas consideracións ao respecto.

Pecha o debate da iniciativa a **directora xeral de Mobilidade, Judit Fontela Baró,** completando a información facilitada na súa anterior intervención.

1 **15751 (12/POC-002422)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

PARLAMENTO DE GALICIA

Sobre a situación da competencia empresarial no sector do transporte de viaxeiros por estrada e as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de posibilitar a competitividade das pequenas e medianas empresas respecto das grandes concesionarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 137f2, do 10.01.2025

O **señor Ríos Santomé, Paulo (BNG),** refire as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **directora xeral de Mobilidade (Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes), Judit Fontela Baró.**

En rolda de réplica o **señor Ríos Santomé, Paulo (BNG)**, amosa diversas consideracións discrepantes coa resposta recibida e reitérase nas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención da **directora xeral de Mobilidade, Judit Fontela Baró,** que reitera e amplía o manifestado na súa intervención inmediatamente anterior.

A Presidencia agradece a presenza da directora xeral de Mobilidade nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.

5 **17283 (12/POC-002959)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Font, Carlos e Castro Rey, Paloma
Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para iniciar as accións necesarias co fin de conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas de titularidade autonómica AG-55 e AG-57
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 147f1, do 29.01.2025

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor López Font, Carlos (S)**, que pasa a explicar os motivos nos que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **director da Axencia Galega de Infraestruturas-AXI (Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas), Francisco Menéndez Iglesias.**

Na rolda de réplica o **señor López Font, Carlos (S)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada polo señor Menéndez Iglesias e incide na importancia dalgunhas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **director da Axencia Galega de Infraestruturas-AXI, Francisco Menéndez Iglesias,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

PARLAMENTO DE GALICIA

A Presidencia agradece a presenza do señor Menéndez Iglesias nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:50 horas.

Carmen Pomar Tojo

Firmado digitalmente por Carmen Pomar Tojo
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Carmen Pomar Tojo, email=carmen.pomar.tojo@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.17 08:54:51 +01'00'

V. e F.
Carmen María Pomar Tojo
Presidenta da Comisión

Paulo Ríos Santomé

Firmado digitalmente por Paulo Ríos Santomé
Fecha: 2025.03.14 10:18:59 +01'00'

Paulo Ríos Santomé
Secretario da Comisión